

# Kiosco das aliñas perdidas

@ centro  
coreográfico  
galego

Un espectáculo de ROBERTO OLIVÁN,  
con música en directo de MERCEDES PEÓN

Danza, teatro, música en directo, ilusionismo, vídeo e  
animación, nun espectáculo dunha nova xeración ¿é a túa?





A dark, moody photograph showing several people from the side or back. In the foreground on the left, a person's shoulder and arm are visible, featuring a large, colorful tattoo of a flower. The background is dark, with other figures partially visible.

## KIOSCO DAS ALMAS PERDIDAS

Un lugar de revolución espiritual

O Centro Coreográfico Galego presenta a súa producción da tempada 2007 - 2008, 'Kiosco das almas perdidas', dirixida por Roberto Oliván. Unha peza que fusiona a través da linguaxe coreográfica distintas disciplinas artísticas, produto da residencia do coreógrafo en Galicia durante tres meses.

'Kiosco das almas perdidas' é unha reflexión sobre a vida e sobre a nosa capacidade de resposta ante ela, como camiño cara a liberdade. É un espectáculo híbrido entre danza, teatro, música en directo, ilusionismo, vídeo e animación. A representación no escenario reflicte a situación duns individuos expulsados, desconectados e abandonados. A súa nova situación obrígaos a reorganizarse, a buscar unha nova fórmula de supervivencia.

Este é o punto de partida de 'Kiosco das Almas Perdidas', un grupo de personaxes perdidos nun lugar que non coñecen, e que non se recoñecen a eles mesmos nin a aqueles que están nese mesmo lugar e nesa mesma situación. Un estado de cuestionamento persoal e colectivo no que se pon en dúbida se o prioritario é a vida palpable ou a imaxinada, a das ideas e os desexos. Un estado de revolución espiritual.



'Se tes unha resposta para cada situación es un robot. Se tes dúas respostas para cada situación atópase nun dilema. Se tes tres solucións atópase no inicio da flexibilidade. Pero só se se teñen infinitas solucións para cada situación pódese aspirar á liberdade absoluta'

Roberto Oliván





## **ACERCA DO TÍTULO**

O nome de ‘Kiosco das Almas Perdidas’ está inspirado nun lugar existente na cidade de Vigo. Antigamente era un lugar de converxencia de situacóns e xentes moi dispareces. O lugar de desembarco de peixe nas horas da madrugada coincidía coas peixeras que compraban ese peixe e que nalgúnsas situacóns propiciaría pelexas ruidosas entre elas. Ao mesmo tempo esa era a mesma zona de actividade da prostitución, implicando tamén a presenza dun certo sector intelectual mesturado coas capas sociais máis baixas imaxinables. Toda esta mestura de tipos de xente e situacóns de indubidable carácter anecdótico, duro, forte... resulta moi interesante.



## O PUNTO DE PARTIDA / O PROCESO CREATIVO

'Kiosco das almas perdidas' tenta dar resposta a unha serie de preguntas en torno aos desexos vitais. Preguntas cheas de incerteza, que nos obrigan a analizar asuntos complexos relacionados coa esencia do ser humano, e coa súa convivencia en sociedade.

Estamos vivindo a nosa vida na maneira na que desexaríamos? Estamos no lugar correcto e do xeito adecuado? A solución non é fácil, hai tantas respostas a estas preguntas como individuos. As propias experiencias lévannos a percibir a realidade de xeito particular, do mesmo xeito que nos condicionan as normas sociais e de conduta.

Sexo, cartos, satisfacción persoal, familia, profesión, supervivencia, tranquilidade, comodidade, traballo, son conceptos e termos presentes na vida cotiá. A proliferación de imaxes, ideas, opinións, esixencias por unha xustiza evidentemente necesaria ...

Desbórdannos en calquera lugar no que haxa presenza de seres humanos. Temos así a sensación de ser empregados e integrados nunha máquina social que habitualmente non devolve satisfacción nin sensación de plenitude.

Pero o instinto humano segue sendo máis forte que todo isto. Seguimos loitando por atopar a felicidade desexada do mesmo xeito que as raíces dunha árbore seguen rompendo o asfalto construído na súa superficie. O 'Kiosco das almas perdidas' aproximámos a certas realidades paralelas dentro das fantasías de cada persoa. Amósanos como esos pequenos momentos de felicidade dan sentido á nosa existencia aparentemente insignificante nalgúns momentos.

Roberto Oliván



## A PEZA

Un espazo baleiro, éñchese lentamente de soidades. Almas perdidas que se atopan para mirarse, escoitarse, confrontarse, sen querer xulgar, sen pretensíons. Pessoas, non personaxes, espidos de formas e regras, bailan esperando o abrente.

Aproveitan o momento no que se esvaece a noite e se anticipa o día, pasando sutilmente, sen espertar as miradas de ninguén. O espazo baleiro éñchese de música e movemento até que a luz sen avisar, retrocede as agullas do tempo, alí onde o inicio coincide co fin.

O espectáculo é un himno á liberdade cantado por Mercedes Peón e dirixido por Roberto Oliván, que continua a súa busca a través da danza como expresión dun sentimento profundo, libera cada forma e é capaz de fusionar diversos estilos.

Oliván propón aos bailaríns e ao espectador, a busca dun espazo onde poder sabotar o tempo, enganar ao corpo esgotado e descubrir por un instante a alma que se expresa espida, antes que a luz do sol nos arrebaté este experimento ilimitado e desafortunado no que estamos inmersos: A VIDA.

## FICHA ARTÍSTICA

A filosofía deste traballo é a de enriquecer o proxecto ao máximo buscando a colaboración con diferentes artistas do noso territorio. Así, Oliván reuniuse con artistas plásticos, arquitectos, iluminadores, figurinistas, poetas, músicos, e outros persoeiros da cultura galega, ao tempo que realizaba un percorrido por algúns espazos xeográficos e culturais senlleiros no noso país.

Dirección e coreografía	Roberto Oliván
Asistente de dirección	Erick Jiménez
Dramaturxia	Roberto Magro 'Tober'
Espazo sonoro	Mercedes Peón
Iluminación	Baltasar Patiño
Deseño de vestiario	Ruth D. Pereira
Videocreación e edición	Fiumfoto
Videoanimación	Muriel Félix
Elementos escénicos	Rodrigo Roel
Asesoría máxica	Mago Antón e Lipar and Company
Música en directo	Mercedes Peón
Fotografía	Xosé Lois Romero (acordeón)
Cámara subacuática	Fernando Abreu Fernández (clarinete)
Textos	Victor Rivera Jove
Intérpretes	M. David Deibe Pietro Rosa Ana Beatriz Pérez Enríquez Álvaro Esteban López Anna Calsina Forrellad Jordi Vilaseca Lorite Hannah Shakti Kirenia Fernández
	Gabriella Máthè Nuria Sotelo Lenka Bartunkova Natxo Montero Matia Henrique Peón

## CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Coordinadora	Natalia Balseiro	Encargado xeral	Juan Santos
Producción	Marcos Vieitez	Auxiliar de son	Hugo Peñamaría
Asesora de formación	Maruxa Salas	Técnico de máquinas	Jesús Rodríguez Arias
Axudante de producción	Maria Casar	Tremoias	Antonio Mallo 'Totí'
Secretaría de dirección	Mª Luisa Vilariño	Xastras	Daniel Arias
Auxiliar de producción	Leticia Vázquez	Pianista	Maruja Reimúndez
Prensa	Ana Rosales	Profesoras de danza	Cristina Cordido
	Ana Miragaya		Roberto Beceiro
	Fátima Rodríguez		Pilar Peña
			Beatriz Ponlla
			Belén Vázquez

## O DIRECTOR

Roberto Oliván

Nace en Tortosa o 12 de novembro de 1972. Formouse como bailarín entre os anos 1992 e 1994 no Institut del Teatre de Barcelona e entre os anos 1994 e 1996 na P.A.R.T.S. -Performing Arts Research and Training Studios- de Bruxelas. Foi bailarín de Rosas Dance Company e director artístico de Anne Teresa de Keersmaker Bruxelas entre os anos 1997 e 2000 participando nos espectáculos: Just before en 1997, Woud e Drumming en 1998, I said I e Achterland en 1999 e In real time en 2000. En Abril de 2003 funda a compañía Roberto Oliván ENCLAVE Dance Company en Bruxelas coa que ten presentado os espectáculos De farra en 2003 e Homeland en 2006. Como coreógrafo e profesor ten impartido clases, talleres e ten feito creacións para P.A.R.T.S., Rosas, Needcompany, Danscentrum Jette, Teatro Central de Sevilla, Institut del Teatre de Barcelona, 1x2x3 asbl Fatou Traore, Feria Música, The Royal Ballet School of Antwerp de Bélgica, École Supérieure des Arts du Cirque –ESAC-, Korean National University of Arts -Corea do Sur-, Iceland Dance Company, Iceland Academy of Arts, Vértigo Dance Company...

E ten impartido clases de repertorio da compañía Rosas en Johanesburgo, Soweto, Bos Aires, Bruxelas e Caracas. Roberto Oliván é tamén o Director Artístico do Taller Internacional de Danza Contemporánea de Tortosa desde o ano 2004. Este taller celébrase anualmente no mes de xullo e nel participan bailaríns e estudantes que proveñen de todo o mundo.

## O EQUIPO

**Mercedes Peón,** cantante e gaiteira, actualmente é unha das voces más importantes de Galicia. Despois de percorrer durante dez anos as aldeas galegas para recoller a herdanza oral, presenta no programa da TVG Luar o froito da súa investigación semanalmente. Grava por primeira vez no primeiro álbum de Xosé Manuel Budíño, onde interpreta tres temas, marcando así o principio da complicidade entre os dous músicos. Crea o grupo Ajrú, do que a única gravación está no recopilatorio "Naciones Celtas II". Continúa colaborando con varios artistas (como Os Diplomáticos de Monte Alto e Mano Negra) antes de gravar o seu primeiro disco en solitario, Isué. Recibe, por Isué, o premio ao mellor disco do ano 2000 para a revista Folkworld e unha nominación como mellor artista do ano na radio BBC 3. En 2003 volve co seu segundo disco, Ajrú que confirma o seu ímpeto no mundo da exploración e a difusión da herdanza. Sihá 2007 é o seu traballo más recente. Ten recibido numerosos premios, entre eles: Mellor artista do ano polo Magazine Folkworld, 2º mellor artista de Europa na sección de World Music, top dez nas listas de Songline, Premio Opinión 2005 e Galego do ano 2005.

### Baltasar Patiño

ilumina e deseña espazos escénicos, entre outros, para: Matarile Teatro. Gelabert –Azzopardi Cia de dansa, Centro Coreográfico Galego, Centro Dramático Nacional, Andrés Corchero, 10 &10 Danza ou Casa Encendida de Madrid. Foi seleccionado para representar a España como iluminador e escenógrafo na PQ Cuadriennale de Praga 2007.

Imparte cursos de iluminación e espazo escénico en Madrid, Compostela, e Portugal. É o director técnico do Festival Internacional de danza En pé de Pedra.

### Ruth D. Pereira

é deseñadora de vestiario e figurinista de teatro, cine e TV.

Nace en Ourense en 1972.

En teatro ten realizado traballos para entre outras compañías: o Centro Dramático Galego, Sarabela teatro e Sapristi teatro. Deseña tamén o vestiario do espectáculo Vacuo, primeira producción propia do Centro Coreográfico Galego, dirixida por Maruxa Salas e da peza Caracola de Neodans.

Entre os seus traballos para TV, cine e publicidade destaca a súa participación na serie de época da TVG As leis de Celavella, polo que recibe o Premio ao Mellor Deseño de Vestuario en 2003, 2004 e 2005. En 2007 recibe o Premio Biznaga de Prata no Festival de Cine de Málaga ao Mellor Deseño de Vestuario polo filme El menor de los males de Antonio Fernández.

### O mago Antón

nace en Castroverde no 1956. No ano 1976 decide dedicarse á maxia. No 1977 nace o seu personaxe Facundo, un homiño que fala, pensa e discute. Nese mesmo ano Facundo obtén unha mención especial nos Premios da Crítica de Galicia. Antón estuda na Escola Máxica de Madrid e na década dos oitenta preséntase en congresos internacionais de Europa e EE.UU.

No 1985 nace a empresa “Producións Máxicas” e co espectáculo Merlín e familia comeza unha etapa de maxia das grandes ilusións. No ano 1993 estrea Vía Láctea, espectáculo multimedia no que se dan a man a literatura, o cinema interactivo, a música e o teatro.

No ano 1995 coa empresa Creacións máxicas e o espectáculo Insólito por antonomaxia percorre o país cun vehículo especial no que a tecnoloxía se pon ao servizo da maxia coas mans e o sorriso como aliados. En 1998 presenta en colaboración coa Orquestra Sinfónica de Galicia o espectáculo En clave de maxia, maxia e didáctica musical para un público infantil e xuvenil.

En 1999 co Romance do conde de Cagliostro peregrina a Santiago pasando polas principais localidades do Camiño. No 2001 cunha montaxe centrada na historia da humanidade a través da maxia, 2001 ilusións, recupera ao seu personaxe Facundo.

### Fiumfoto

Cristina de Silva Marbán (Xixón, 1972) e Nacho de la Vega (Xixón, 1968) son os dous componentes de Fiumfoto, colectivo artístico centrado na videocreación e o multimedia. Baixo este nome presentaron os seus traballos nalgúns dos certames artísticos, galerías e festivais de arte dixital e música electrónica más importantes do país, como Arco en Madrid ou Lux en Sevilla, OOH2 en Xixón, MusicaExMachina en Bilbao, Decibelio en Madrid, La Casa del Cactus en Mallorca, Situaciones en Cuenca ou FEM en Madrid, entre outros.

Os seus traballos inciden nas relacións entre home e máquina e son fortemente críticos cos medios de comunicación. Entre este tipo de traballos atópanse os visuais que acompañaron na xira mundial de 2007 ao alemán Rex The Dog (Kompakt), ou a videoinstalación Homovidens.

Ademais comisarián e producen certames artísticos como Arenas Movedizas e o festival L.E.V. (Laboratorio de Electrónica Visual) ámbolos dous en Xixón.

## **OS BAILARÍNS**

### **Hannah Shakti**

No 1988 comeza os seus estudos de danza en Italia. No curso 2003 diplómase en Danza Teatro Performing Arts na Universidade de Niza. De 2003 a 2006 realiza estudos no Laban Dance Center de Londres, na especialidade de Danza Teatro. Ten realizado diferentes cursos con compañías e profesionais da talla de David Zambrano, Forsyth Dance Company, Les Slovaks, Janette Panetta & Ted Stoffer, Leon Baugh...

Traballou en Retina Dance Company do Reino Unido, Offjazz Junior Dance Company de Niza e con diferentes coreógrafos como Filip Van Hoffel, Jonathan Stone, Mark Lorimer, Zoi Dimitrou...

Coas súas propias creacións ten bailado no Bonnie Bird Theatre e Laban Theatre de Londres. Como profesora impartiou clases en escolas de primaria e secundaria de East Midlands no Reino Unido dentro do programa educativo de Retina Dance Company. Tamén impartiou clases de danza para profesionais no Contemporary Dance School Lier de Bélgica.

### **Kirenia Fernández**

Formouse en Nivel Medio Superior de Educación Técnica Profesional, na especialidade de actuación, na Escola Superior de Arte de La Habana, onde tamén se forma como bailarina de danza contemporánea.

A súa primeira experiencia como bailarina tivoa coas pezas Si no fuera por ti e Ausencia, no Teatro Nacional de Cuba en 1999. En 2000 realizou unha xira por Francia, Italia e España con El Viaje, xira que tamén a levou ao Festival Agustín Lara de México.

En 2001 participou no Festival Internacional de Danza Callejera Paisajes Urbanos de La Habana. En 2002 estivo na Bienal de Danza de Lyon con Solamente una vez e Rosas y Herencias. En 2003 participou nos festivais de Danza Itálica de Sevilla e Mujeres en la Danza de Ecuador. En 2004 formou parte do Proxecto Danzario Cultural Sagrada Familia de Pisa e en 2005 do Certame Coreográfico de Calviá, en Mallorca.

### **Gabriella Máté**

Comeza os seus estudos de danza no Budapest Dancing School no ano 1994. En 1998 pasa a formar parte do Budapest Dance Group. De 2002 a 2005 realiza estudos de coreografía no Hungary Dancing Collage.

Traballa en Hungria con Ildikó Mányi Company, Szeged Contemporary Company, József Hámor D.C, Eva Duda-Strike Dance Company.

Dende o ano 2000 realiza as súas propias creacións coreográficas: Raw Material, Ragdoll Phisics, Anger, Separate, Splinter Dust...

Tamén ten feito unha creación de vídeodanza: Perished Tomato Dance

Como profesora de danza contemporánea, traballou no Estudio MMS de Arte e Movemento de Budapest.

### **Nuria Sotelo**

Compoñente do Grupo Caleac Teatro co que colabora en varias producións.

Realiza diferentes talleres de teatro organizados pola Universidade de Santiago de Compostela: Arte Dramático, Ortofonía e Dicción, Esgrima Teatral...

Forma parte do Grupo Cordelia de Teatro Universitario da Universidade de Vigo.

Realizou diferentes cursos e talleres con profesionais como Chevi Muraday, Daniel Abreu, Hisako Horikawa, Guido Tuveri, Experimentadanza, Pisando Ovos, Inquedanza, Janusz Subicz...

### **Lenka Bartunkova**

Comeza os seus estudos de Danza en Praga, no ano 1994. En 2001 gradúase en danza polo Conservatorio de Danza Duncan Centre de Praga, e en 2005 gradúase pola Folkwang Hochschule de Essen, Alemaña. Nese mesmo ano gaña o 1º Premio no Concurso Coreográfico Jarmila Jerabkova da República Checa, coa coreografía Libera me.

Ten traballado na compañía Renegade Theatre de Alemaña durante tres anos; nunha coprodución con La Fura dels Baus e Ruhrtriennale; e con coreógrafos como: Ioana Mona, Chiara Girolomini, Samir Akika, Nobert Steinwarz, Petra Hauerova...

Entre as súas propias creacións están: Fimfarum, Café, Panter, Five to Twelve, Little Prince, Waltzkampf, The Noises in The Library,....

### **Álvaro Esteban López**

Titulado polo Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid, diplomado en quiromasaxe e masaxe deportiva e licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte polo INEF de Madrid.

Ten realizado seminarios permanentes de expresión corporal e danza vertical e clases de clásico con Ana Baselga,

Víctor Álvarez e Silvia Mira e de contemporáneo con Pedro Beráyes, José Reches , Cristine Tanguay. Foi bailarín na ópera Macbeth dirixida por Gerardo Vera, nos filmes Los dos lados de la cama de Emilio Martínez Lázaro, e Fados de Carlos Saura.

Foi bailarín das compañías Larumbe Danza e Trasdanza.

Forma parte de varios talleres coreográficos do Real Conservatorio Profesional de Danza de Madrid e participa no Festival 3 D danza no Centro de Novos Creadores.

Entre 2000 e 2005 forma parte do elenco do grupo Corps realizando diferentes montaxes que inclúen a danza vertical.

#### **Anna Calsina Forrellad**

Nace en Sabadell en 1987. Desde o ano 1994 até o 2001 estuda na escola Ritmo de Sabadell. Desde o 2002 até o 2005 cursa estudos de ballet clásico e contemporáneo na Academia Eulàlia Blasí de Barcelona adscrita ao Institut del Teatre de Barcelona.

Ten realizado cursos con Joe Alegado, Ramón Oller, Iñaki Azpíllaga, Tatiana Yerojovets, Matilde Van der Meerendonk e no festival de danza Impulstanz de Viena.

Participa no 34 congreso internacional de ritmica no Instituto Jacques Dalcroze de Xenebra en xullo de 2007 e no festival Internacional de danza Impulstanz en Viena. Na actualidade está a realizar o 6º curso de danza contemporánea no Institut del Teatre de Barcelona.

#### **Ana Beatriz Pérez Enríquez**

Nace na Habana en 1972. Titulada como bailarina e profesora na especialidade de danza Moderna e Folclórica pola Escola Nacional de Artes de La Habana (1991). Forma parte da Compañía Nacional de Danza de Cuba no ano 1991.

Ten recibido numerosos premios entre eles o 1º premio do V Certame Internacional de Coreografía Burgos & Nova York como bailarina e coreógrafa por La cuenca de tus ojos (2006) pola que tamén ten recibido o 1º premio do IV Certame de Creación Coreográfica de Galicia.Ten participado en numerosos festivais en La Habana, Ottawa e Toronto (Canadá), Génova, Lisboa, Tolousse, Düsseldorf, A Coruña. No ano 2001 trasladase a Coruña invitada pola compañía Druída Danza. Ten impartido cursos e talleres intensos de coreografía, danza contemporánea, danzas ivafrocubanas e mantenemento corporal.

#### **Jordi Vilaseca Lorite**

Graduado polo Conservatorio Profesional de Danza (Institut del Teatre) de Barcelona en 2002. Ten realizado clases con: Bárbara Kasprowich, Mauro Galindo, Elena Barcheva, Marta Munsó, José María Escudero, Keith Morino, Avelina Argüelles, Ramón Oller, Joan Boix, Rodolfo Castellanos, Jeanie Solan, Matilde Van der Meerendonk, Pepe Hevia, Karemia Moreno.

No 2002 obtén unha bolsa do Instituto Superior de Danza "Alicia Alonso". Obtén en 2002 o premio do público da 6ª competición cidade de Castellón na categoría de contemporáneo así como o premio especial á mellor coreografía na 1ª competición internacional de danza moderna Burgos-Nova York nese mesmo ano. Ten traballado coas seguintes compañías: Metros, Lanomina Imperial, Norrdans, SYBAA, PlanB, Steptex Dance Company.

#### **Henrique Peón Mosteiro**

Bailarín de danza tradicional galega. A súa actividade profesional céntrase na investigación e divulgación do folclore tradicional de Galicia. Ten unha larga traxectoria e un importante labor como profesor de baile e música tradicional galega. Formou parte de diversos grupos e na actualidade é o director do grupo de danza tradicional Xacarandaina. Ten realizado labores de asistente coreográfico con Mercé de Rande.

Henrique Peón ten participado en numerosos festivais e xiras internacionais visitando: Portugal, España, Francia, Inglaterra, Bélxica, Italia, Hungria, Ucraina, Alemaña, Eslovaquia...

#### **Natxo Montero**

Ten recibido formación académica en danza contemporánea e técnica release con Matxalen Bilbao, Cristina Quijera, Marga Arroyo, Carmen Werner, Lipi Hernández, Marc Bogarts, Laura Aris, Iñaki Azpíllaga, Martín Kilvadi e Rasmus Ölmé. Ten formado parte de numerosas compañías entre as que destacan: Talangaka company, Steak Tartar, Marcelo Ordóñez's ballets, Sofie Saller, Rialto Fabric Nomade, Felix Ruckert company, Ex nihilo, Murcia Cie. Entre os anos 1980 e 2003 pertence ao grupo de danza folclórica vasca Gaztedi Dantzari Taldea.



## A XIRA

### **Febreiro**

29 de febreiro. Teatro Rosalía Castro – A Coruña. ESTREA

### **Marzo**

1 de marzo. Teatro Rosalía Castro – A Coruña  
2 de marzo. Teatro Rosalía Castro – A Coruña  
7 de marzo. Centro Cultural Caixanova – Vigo  
8 de marzo. Centro Cultural Caixanova – Vigo  
13 de marzo. Pazo da Cultura – Pontevedra  
15 de marzo. Auditorio Municipal – Vilagarcía  
20 de marzo. Laboral Escena – Xixón  
21 de marzo. Laboral Escena – Xixón  
29 de marzo. Auditorio de Galicia – Santiago de Compostela  
30 de marzo. Auditorio de Galicia – Santiago de Compostela

### **Abril**

5 de abril. Auditorio Municipal – Narón  
11 de abril. Teatro Manuel de Falla – Cádiz  
18 de abril. Teatro Fortuny – Reus  
19 de abril. Teatro Fortuny – Reus  
25 de abril. Teatro Central – Sevilla  
26 de abril. Teatro Central – Sevilla  
30 de abril. Teatro Municipal Área Panorámica – Tui

### **Maio**

6 de maio. Teatro Cánovas – Málaga  
7 de maio. Teatro Cánovas – Málaga  
10 de maio. Teatro Jofre – Ferrol  
11 de maio. Teatro Jofre – Ferrol  
16 de maio. Teatro Viriato – Viseu  
17 de maio. Teatro Viriato – Viseu  
23 de maio. Teatro Municipal Bergidum – Ponferrada

### **Xuño**

6 de xuño. Teatro Principal – Ourense  
7 de xuño. Teatro Principal – Ourense

### **Xullo**

11 de xullo. Pazo da Cultura – Carballo  
19 de xullo. Mercat de les Flors – Festival Grec de Barcelona  
20 de xullo. Mercat de les Flors – Festival Grec de Barcelona

**Agradecementos:** Miguel Anxo Fernán Vello, Paco Pestana, Fernando Blanco, Confraría de Bueu, Faro de Vigo, Armando Marten, INEF, Concello de Culleredo, veciños de Toutón (Mondariz), Felisa Segade e Montse Rivera (Leiria).



centro  
coreográfico  
galego

Complexo Deportivo de Elviña  
Avenida de Glasgow, 11  
15008 A Coruña

Tel. 981 134 946  
Fax. 981 138 294  
[www.centrocloreografico.org](http://www.centrocloreografico.org)